

## PROBLEMAS DE QUÍMICA DE 2.º DE BACHARELATO

Exemplo de uso da folla de cálculo: «[QuimicaBachGal.ods](#)»

### ● Comezo

Ao abrir a folla de cálculo, mostrarase unha alerta de seguridade. Premer sobre o botón **Activar macros**.

Para ir ao índice, elixir unha destas opcións:

- Premer sobre a pestana **Índice** situada na parte inferior.
- Pulsar a tecla [Ctrl] mentres se preme sobre a cela **Índice** situada na parte superior dereita.

Para ver a axuda, unha destas opcións:

- Premer sobre a pestana **Axuda** situada na parte inferior.
- Pulsar a tecla [Ctrl] mentres se preme sobre a cela **Axuda** situada na parte superior dereita.

### ● Teclado e rato

#### Teclas

		Abreviatura
Aceptar	[←] ([Intro] ou [Enter] ou [Entrar])	[←]
Borrar á dereita	[Supr] (ou [Del] ou [Delete])	[Supr]
Borrar á esquerda	[⌫] [←] ou [Backspace])	[⌫]
Espazador	[Esp]	[Esp]
Frecha abaixo	[↓]	[↓]
Maiúscula	[⇧] ou ([Shift] ou [Mayús])	[⇧]
Tabulador	[⇧⇨] (ou [Tab] ou [tabulador])	[⇧⇨]

#### Teclas simples

Aceptar	[←]	[←]
Cela seguinte	[⇧⇨]	[⇧⇨]

#### Combinación de teclas

	Premer ao mesmo tempo as teclas:	Abreviatura
Ir ao principio da páxina	[Ctrl] e [Inicio]	
Cela anterior	[⇧] e [⇧⇨]	
Desfacer acción anterior	[Ctrl] e [Z]	([Ctrl]+[Z])
Copiar	[Ctrl] e [C]	([Ctrl]+[C])
Pegar ( <i>Desaconsellado</i> )	[Ctrl] e [V]	([Ctrl]+[V])
Pegar sen formato (menú)	[Ctrl], [⇧] e [V]	([Ctrl]+[Alt]+[V])
Pegar sen formato (rápido)	[Ctrl], [Alt], [⇧] e [V]	([Ctrl]+[Alt]+[⇧]+[V])
Punto multiplicación	[⇧] e [3]	([⇧]+[3])
Subíndice	[⇧] e [ _ ], {número ou signo} e { [⇧⇨] ou [←] }	([ _ ]+n.º+[←])
Superíndice	[⇧] e [ ^ ], {número ou signo} e { [Esp], [⇧⇨] ou [←] }	([⇧]+[ ^ ]+n.º+[←])
Ver opcións	[Alt] e [↓]	([Alt]+[↓])
Limpar formato	[Ctrl] e [M]	([Ctrl]+[M])

#### Rato

Seleccionar                      Premer dúas veces (dobre clic)

#### Teclado e rato

Seguir ligazón (na folla cálculo) [Ctrl] e premer na ligazón, ou facer dobre clic na ligazón.


### ● Datos

Para borrar os datos, elixir unha destas opcións:

- **Datos, instrucións e enunciado:**
  1. Premer sobre o menú: Editar → Seleccionar → Seleccionar celas desprotexidas
  2. Pulsar a tecla Supr.
- **Tódolos datos:**
  1. Premer sobre calquera cela de datos:
  2. Premer sobre o botón **Borrar datos**

3. No diálogo «Borrar os datos desta folla?», premer sobre o botón **Aceptar**.
- **Só algúns dos datos:**
  1. Seleccionar co rato unha área na que se atopan os datos que se desexan borrar.
  2. Premer sobre o botón **Borrar datos**
  3. No diálogo «Borrar os datos no intervalo seleccionado?», premer sobre o botón **Aceptar**.

Para elixir unha opción seguir estes pasos:

1. Premer sobre a cela: .
2. Premer sobre a frecha , para ver a lista despregable.
3. Desprazarse pola lista e elixir unha opción.

Para anotar unha cantidade:

Premer sobre unha cela: , e escribir nela a cantidade.

Se o formato no que se mostra un valor non é o axeitado (por exemplo 1,00E-01), premer sobre a cela e pulsar ao mesmo tempo as teclas [Ctrl] e [M] para limpar o formato (verase 0,1).

Para poñer un valor en notación científica, elixir unha destas opcións:

- Escribir o número en formato científico 0,0E-0 da folla de cálculo.
- Escribir o número en formato habitual 0,0·10<sup>-0</sup>.
- Seleccionar o valor noutro documento, copialo ([Ctrl]+[C]) e pegalo ([Ctrl]+[Alt]+[⇧]+[V]).

Exemplos de escritura en formato científico:

	Escriba:	Na cela aparecerá:
Folla de cálculo:	3E-9	3,00E-09
Formato habitual:	3,00[⇧][3]10[⇧]^-[Esp][⌫][⇧]^9[←]	3,00·10 <sup>-9</sup>

(Despois do signo – pulsar o espazador [Esp]. Pulsar a tecla [⌫] para borrar o espazo).

Se ese número xa estaba nun documento, pódese copiar e pegar seguindo estes pasos:

1. Seleccionar: premer sobre o comezo do número e arrastrar o rato ata o final ou dobre clic
2. Copialo: menú Editar → Copiar ou [Ctrl]+[C]
3. Premer sobre a cela: .
4. Pegalo: menú Editar → Pegado especial → Pegar texto sen formato ou [Ctrl]+[Alt]+[⇧]+[V]

## ● Cifras significativas e formato numérico

No botón **Cifras significativas** pódese axustar o formato numérico dos resultados:

Número (1 a 6) de cifras significativas.

Número limiar (1 a 6) de díxitos para notación decimal.

decimal Se |Número|<1 e a 1.<sup>a</sup> posición decimal é menor ou igual que limiar  
ou se |Número|>1 e o núm. de cifras da parte enteira é menor ou igual que limiar.

científica No resto dos casos.

Símbolo de multiplicar (· ou ×) antes de 10<sup>n</sup> na notación científica.

Esta elección afecta a tódalas pestanas.

Os resultados que aparecen neste documento corresponden, na súa maioría, a unha elección de 3 cifras significativas.

## ● Fórmulas químicas

Cando haxa que escribir unha fórmula química, pode facerse sen subíndices nin superíndices.

Pero pódense escribir fórmulas químicas nas celas de cor branca e bordo verde, indicando os subíndices con «\_» e os superíndices con «^».


Tense que escribir o símbolo [ ] ou [^] antes de cada carácter.

Se se ten instalada a fonte Linux Libertine G ou Linux Biolinum G, os superíndices dispóñense sobre os subíndices como en SO<sub>4</sub><sup>2-</sup>. Noutras fontes o aspecto non é tan bo: SO<sub>4</sub><sup>2-</sup>.

Desde a versión 5 de LibreOffice os subíndices e superíndices substitúense mentres se escribe.

Para escribir a fórmula do ión sulfato SO<sub>4</sub><sup>2-</sup>:

1. Escribir: SO\_4
2. Pulsar o espazador. (e a fórmula cambia a SO<sub>4</sub>).
3. Borrar o espazo.
4. Seguir escribindo: ^2
5. Pulsar o espazador. (e a fórmula cambia a SO<sub>4</sub><sup>2</sup>).
6. Seguir escribindo: ^-
7. Pulsar a tecla [←] (ou [⇐]).



### ● Como pegar o enunciado na folla de cálculo

Se o enunciado foi copiado da pestana de exemplos da mesma folla, só necesita pegalo, premendo ao tempo nas teclas [Ctrl] e [V]. Para pegar doutra orixe:

1. Premer sobre a cela situada baixo a etiqueta «Problema» da folla de cálculo.
2. Pulsar a tecla [Esp] (espazador).
3. Pegala, pulsando ao mesmo tempo as teclas [Ctrl], [Alt], [⇧] e [V].

No caso que desaparecese o formato da cela onde vai o enunciado, copiar calquera outro enunciado da folla de cálculo e pegalo nela.

### ● Outros cálculos

En tódalas pestanas aparecen unhas celas baixo o epígrafe: **OUTROS CÁLCULOS**.

Nelas pódense escribir fórmulas para facer cálculos.

Para poñer unha fórmula nunha cela, hai que empezar escribindo «=» e logo poñer símbolos de operacións («+», «-», «\*» ou «/») e premer sobre as celas coas que operar.

Por exemplo, para que na cela A3 se faga a suma entre os números que hai nas celas A1 e B1:

1. **Premar sobre a cela** na que quere escribir a fórmula.
2. **Escriba o signo igual [=]** na cela. Isto lle indica a LibreOffice que escribe unha fórmula.
3. Agora pode seguir de calquera destas maneiras:
  - Premar sobre a cela A1. Pulsar a tecla [+]. Premar sobre a cela B1.
  - Ou escriba a fórmula: =A1+B1  
onde A1 e B1 son as coordenadas das celas que quere sumar.
4. **Pulsar a tecla [↵]** para completar a entrada.

A cela mostrará agora o resultado da fórmula.

Pódense usar unha variedade de funcións matemáticas para as fórmulas, como SUM para sumar ou RAÍZC para calcular a raíz cadrada. Consultar a axuda de LibreOffice para obter unha lista completa das funcións dispoñibles.

Cando a cela que contén o dato está en formato científico, como  $6,67 \cdot 10^{-11}$ , tense que empregar a función AVALOR, para que o transforme nun número. Por exemplo, a fórmula para calcular a velocidade na órbita

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

, se os datos se atopan nas celas do cadro (e tendo en conta que  $r$  é a suma:  $R + h$ ), sería:

$$= \text{RAÍZC}(\text{AVALOR}(J8) * J2 / (J3 + J6))$$

	H	I	J	K
2	Masa	$M =$	5,97E+24	kg
3	Raio	$R =$	6,37E+06	m
4				
5	Masa	$m =$		kg
6	Altura	$h =$	693 000	m
7				
8	Constante da gravitación	$G =$	$6,67 \cdot 10^{-11}$	$\text{N} \cdot \text{m}^2 / \text{kg}^2$

A cela onde escribiuse a fórmula, por exemplo H22, presentaría o resultado: 7508,53966 609 457. Para obter un aspecto máis lexible podería empregarse a función NUMFORMA. Se noutra cela, por exemplo J22, escribíse a función =NUMFORMA(H22) o que se vería en J22 sería:  $7,51 \cdot 10^3$ .

Na pestana «Introd» hai máis información das funcións exclusivas que pode empregar. Para velas, fagcer dobre clic na ligazón [funcións](#) da folla de cálculo.

### ● Outros consellos

Facer unha copia de seguridade da folla de cálculo.

Non pegar ([Ctrl]+[V]) **nunca** nunha cela de cor laranxa.

En vez diso, pegar sen formato:

menú Editar → Pegado especial → Pegar texto sen formato ou [Ctrl], [Alt] e [V].

Se se acaba de pegar, probar a desfacelo pulsando ao mesmo tempo as teclas [Ctrl] e [Z].

Se iso non vai, recuperar desde a copia de seguridade ou descargala de novo.

Se se cambiou o aspecto dunha cela que era de cor branca e bordo azul , probar a pulsar ao mesmo tempo as teclas [Ctrl] e [M].

Si iso non funciona, premer sobre outra cela que estea ben, e copiala pulsando ao mesmo tempo as teclas [Ctrl] e [C]. Premer sobre a cela que cambiou de aspecto e pulsar ao mesmo tempo as teclas [Ctrl], [Alt] e [V], e, en Preconfiguracións, premer sobre «Formatos só»

## ● Tipos de problemas

Na páxina  aparecen as ligazóns ás follas cos tipos de problemas que pode resolver.

Para ir a algún deles, manteña pulsada a tecla [Ctrl] mentres fai clic co rato no [Tema](#) que contén o tipo de problemas desexado, ou faga clic co rato na pestana inferior correspondente.

O nome da pestana de cada tipo de problemas está na columna de **Pestana** na páxina .

Pódense resolver exercicios dos seguintes temas:

Bloque	Tema	Pestana
<b>Cálculos elementais</b>	Fórmula empírica e molecular	Formula
	Disolucións	Disoluc
	Estequiometría: cálculos en reaccións químicas	Esteq
<b>Termoquímica</b>	Lei de Hess	Hess
	Calorimetría	Calorim
<b>Equilibrio químico</b>	Equilibrio en fase gas	Equilibrio
	Equilibrio ácido-base	AcidoBase
	Equilibrio de solubidade	Solub
<b>Oxidación redución</b>	Reaccións redox	Redox
	Electrólise	Electrolise

## ● Exemplos

Na columna da dereita da páxina , aparecen as ligazóns ás follas que conteñen copias dos datos dos problemas dos tipos que pode resolver. Se se queren consultar, manter pulsada a tecla [Ctrl] mentres se preme sobre a ligazón [Tema](#) que contén o tipo de problemas desexado, ou premer sobre a pestana inferior correspondente.

As follas con exemplos comezan todas pola letra D, dende  ata .

### ◊ Fórmula empírica e molecular

Na pestana «Formula» pódense resolver exercicios da determinación da fórmula empírica e molecular dunha substancia. Débense indicar os elementos que a forman e proporcionarlle os datos para a análise elemental, tales como masa, porcentaxe ou cantidade. Estes datos poden ser dos elementos ou dos compostos que forman na combustión, tipicamente  $\text{CO}_2$  e  $\text{H}_2\text{O}$ . Para o cálculo da masa molar, pódense dar datos do gas (volumen, densidade absoluta ou relativa), ou propiedades coligativas das disolucións (presión osmótica, descenso crioscópico ou aumento ebulloscópico).

Se o formato dun valor nunha cela de cor branca e bordo azul é estraño (por exemplo 1,00E-01), premer sobre a cela e pulsar ao tempo as teclas [Ctrl] e [M] para limpar o formato (verase 0,1).

En RESULTADOS, móstranse a masa na mostra, a masa e a cantidade nun mol de composto e a relación entre as cantidades de cada un dos elementos, as fórmulas empírica e molecular e os valores da masa molar o deducido da fórmula e o calculado a partir dos datos.

1. Determina:

a) A fórmula empírica.

b) A fórmula molecular dun composto orgánico que contén carbono, hidróxeno e osíxeno, sabendo que, en estado de vapor, 2 g de composto, recollidos sobre auga a 715 mm de Hg e 40 °C ocupan un volumen de 800 mL. Ao queimar completamente 5 g de composto obtéñense 11,9 g de dióxido de carbono e 6,1 g de auga.

Dato: Presión de vapor de auga a 40 °C = 55 mm Hg.  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{L}/(\text{mol}\cdot\text{K})$

(P.A.U. xuño 99)

Rta.: a) e b)  $\text{C}_4\text{H}_{10}\text{O}$

[Borrar os datos.](#)

Análise elemental		Composto	Cálculo da masa molar	
Elem.				
			↓ clic	

Para ver o enunciado na mesma folla, selecciónalo na páxina de orixe e copialo ([Ctrl]+[C]).

Premer sobre a cela da folla de cálculo situada debaixo da etiqueta «Problema», e [pegar o enunciado](#).

En DATOS, escribir ou pegar sen formato ([Ctrl]+[Alt]+[↕]+[V]) os valores das magnitudes nas celas de cor branca correspondentes a elas, e escribir (ou [elixir](#)) as unidades nas celas de cor laranxa situadas a súa dereita.

En DATOS, elixir a opción «Masa», na cela situada debaixo de «Análise elemental».

Pulsar a tecla [↵] para ir á cela situada debaixo da etiqueta «Elem.». Escribir os símbolos dos elementos: C [←] H [←] O [←]. Na columna seguinte escribir os valores das masas dos compostos. Na terceira columna, [escribir as fórmulas químicas](#) dos compostos obtidos na combustión. Na última cela da columna «Masa», escribir o valor (5) da masa da mostra.

Premer na cela de color laranxa debaixo da etiqueta «↓ clic» e escribir (ou elixir) a opción «Volumen». Nas celas de cor branca debaixo de «Gas», escribir os valores das magnitudes, e escribir (ou elixir) as unidades nas celas de cor laranxa situadas a súa dereita.

Análise elemental		Composto	Cálculo da masa molar	
Elem.	Masa			
C	11,9 g	$\text{CO}_2$		Gas
H	6,1 g	$\text{H}_2\text{O}$	Volumen	800 mL
O			Temperatura	40 °C
			Presión	660 mmHg
			Masa	2 g

Mostra  g

En RESULTADOS móstranse as fórmulas empírica e molecular, que coinciden neste exercicio, e os valores da masa molar calculados a partir da fórmula e dos datos, neste caso o volume do gas.

Elementos	g	g/mol	mol/mol	relación
C	3,25	48,1	4,00	4,04
H	0,683	10,1	10,0	10,1
O	1,07	15,8	0,989	1,00
Mostra	5,00			
		empírica	molecular	
Fórmula		C <sub>4</sub> H <sub>10</sub> O	C <sub>4</sub> H <sub>10</sub> O	
		Masa molar	74,1 g/mol	
		a partir dos datos <sup>a</sup> :	74,0 g/mol	
		<sup>a</sup> Volume gas		

2. A nicotina é un líquido completamente miscible en auga a temperaturas inferiores a 60 °C.C. Unha disolución de 1,921 g de nicotina en 48,92 g de auga conxela -0,450 °C. A nicotina contén 74,03 % de C; 8,70 % de H e o resto é N. Cal é a fórmula molecular da nicotina?<sup>1</sup>

**Rta.:** C<sub>10</sub>H<sub>14</sub>N<sub>2</sub>

[Borrar os datos](#). Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e [pegalo](#) na cela situada debaixo de «Problema».

En DATOS, escribir ou pegar sen formato ([Ctrl]+[Alt]+[↕]+[V]) os valores das magnitudes nas celas de cor branca correspondentes a elas, e escribir (ou [elixir](#)) as unidades nas celas de cor laranxa situadas a súa dereita.

En DATOS, elixir a opción «Porcentaxe», na cela situada debaixo de «Análise elemental».

Na columna coa etiqueta «Elem.», escribir os símbolos dos elementos. Na columna seguinte escribir os valores das porcentaxes dos elementos.

Premer na cela de color laranxa debaixo da etiqueta «↓ clic» e elixir a opción «Δt». Escribir os valores das magnitudes nas celas de cor branca debaixo de «Disolución», e escribir (ou elixir) as unidades nas celas de cor laranxa situadas a súa dereita.

Suponse que o valor da constante crioscópica é unha dato. Na folla de cálculo, en REFERENCIAS, móstranse os valores de algúns disolventes habituais.

Análise elemental				
Elem.	Porcentaxe	Composto	Cálculo da masa molar	
C	74,03 %		Disolución	
H	8,7 %		Δt	0,45 °C
N			Constante	1,86 K·kg/mol
			m disolvente	48,92 g
			m soluto	1,92 g

En RESULTADOS, móstranse a masa e a cantidade nun mol de composto e a relación entre as cantidades dos elementos, as fórmulas empírica e molecular, e os valores da masa molar calculados a partir da fórmula e a partir dos datos, neste caso o descenso da temperatura de conxelación.

Elementos	%	g/mol	mol/mol	relación
C	74,0	120	10,0	5,00
H	8,70	14,1	14,0	7,00
N	17,3	28,0	2,00	1,00
Mostra	100			
		empírica	molecular	
Fórmula		C <sub>5</sub> H <sub>7</sub> N	C <sub>10</sub> H <sub>14</sub> N <sub>2</sub>	
		Masa molar	162 g/mol	

a partir dos datos<sup>a</sup>: 162 g/mol  
<sup>a</sup>Δt disolución

### ◇ Disolucións

Na pestana «Disoluc» pódense resolver exercicios para o cálculo de:

- A masa de soluto necesaria para preparar unha disolución dunha concentración dada.
- O volume necesario dunha disolución concentrada para prepara unha disolución máis diluída.
- A concentración dunha disolución a partir da masa, volume e densidade.

Débase [escribir a fórmula química](#) do soluto, pero non é necesario para o disolvente no caso da auga.

Se o formato dun valor nunha cela de cor branca e bordo azul é estraño (por exemplo 1,00E-01), premer sobre a cela e pulsar ao tempo as teclas [Ctrl] e [M] para limpar o formato (verase 0,1).

En RESULTADOS móstranse as masas de soluto, disolvente e disolución e as concentracións (porcentaxe, concentración en masa (g/dm<sup>3</sup>), concentración (mol/dm<sup>3</sup>), molalidade (mol/kg) e fracción molar) das disolucións orixinal, e diluída se é o caso. Cando se teñen os datos axeitados, determina o volume necesario de disolución concentrada para preparar un volume determinado da disolución diluída.

1. Indique o material, procedemento detallado e cálculos correspondentes necesarios para preparar no laboratorio 250 cm<sup>3</sup> dunha disolución de cloruro de sodio de concentración 0,50 mol/dm<sup>3</sup> a partir do produto sólido puro.

(P.A.U. xuño 09)

**Rta.:**  $m = 7,3 \text{ g NaCl}$

[Borrar os datos.](#)

Solutos		Disolución		Volume	Concentración	Densidade
Soluto (s)			Disolución			
Fórmula?			orixinal (D <sub>1</sub> )			
Disolvente (d)						
H <sub>2</sub> O			diluída (D <sub>2</sub> )			

Para ver o enunciado na mesma folla, selecciónalo na páxina de orixe e copialo ([Ctrl]+[C]).

Premer sobre a cela da folla de cálculo situada debaixo da etiqueta «Problema», e [pegar o enunciado](#).

Escribir a fórmula do cloruro de sodio na cela de cor branca e bordo verde debaixo de «Solutos (s)».

Para a disolución orixinal, escribir na cela de cor branca o valor do volume (250) e escribir (ou [elixir](#)) a unidade (cm<sup>3</sup>) na cela de cor laranxa debaixo de «Volume». Escribir na cela de cor branca debaixo de «Concentración» o valor da mesma (0,5) e a etiqueta cambiará a «mol/dm<sup>3</sup>». Se non se elixen as unidades de concentración, a folla supón que son mol/dm<sup>3</sup>. Pero pódense elixir se se desexa.

Solutos		Disolución		Volume	mol/dm <sup>3</sup>	Densidade
Soluto (s)			Disolución	cm <sup>3</sup>		
NaCl			orixinal (D <sub>1</sub> )	250	0,5	

En RESULTADOS mostrarase o valor da masa.

		Masa	Porcentaxe	Conc. masa	Concentración	Molalidade	Fracc. molar
		g	g/100 g (D)	g/dm <sup>3</sup> (D)	mol/dm <sup>3</sup> (D)	mol/kg(d)	mol/mol(D)
D <sub>1</sub>	s: NaCl	7,31		29,2	0,500		

2. Nunha botella de ácido clorhídrico concentrado figuran os seguintes datos: 36% en masa de HCl e densidade 1,18 g/mL. Calcula:

- a) A concentración e o volume deste ácido concentrado que se necesita para preparar un litro da disolución de concentración 2 mol/dm<sup>3</sup>.

(P.A.U. xuño 16)

**Rta.:** a)  $[\text{HCl}] = 12 \text{ mol/dm}^3$ ;  $V = 0,17 \text{ dm}^3$ .

[Borrar os datos.](#) Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e [pegalo](#) na cela situada debaixo de «Problema».

Escribir a fórmula do ácido clorhídrico na cela de cor branca e bordo verde debaixo de «Solutos (s)».

Para a disolución orixinal, [elixir](#) a opción «% masa soluto» debaixo de «Concentración», e escribir na cela de abaixo o seu valor (36).

Debaixo de «Densidade» escribir (ou elixir) a opción «g/mL», e escribir na cela de abaixo o seu valor (1,18).

Para a disolución diluída, escribir (ou elixir) as unidades (L e mol/dm<sup>3</sup>) debaixo das magnitudes correspondentes, e escribir nas celas de abaixo os seus valores (1 e 2).

Solutos		Disolución	Volumen	Concentración	Densidade
Soluto (s)			L	% masa soluto	g/mL
HCl		orixinal (D <sub>1</sub> )		36	1,18
Disolvente (d)			L	mol/dm <sup>3</sup>	
H <sub>2</sub> O		diluída (D <sub>2</sub> )	1	2	

En RESULTADOS móstranse: a concentración (11,7), debaixo de «Concentración mol/dm<sup>3</sup>(D)», e o volume que se necesita (172 cm<sup>3</sup>), debaixo de «D<sub>1</sub> necesario para preparar D<sub>2</sub>»

		Masa g	Porcentaxe g/100 g (D)	Conc. masa g/dm <sup>3</sup> (D)	Concentración mol/dm <sup>3</sup> (D)	Molalidade mol/kg(d)	Fracc. molar mol/mol(D)
D <sub>1</sub>	s: HCl		36,0 %	425	11,7	15,4	0,217
	d: H <sub>2</sub> O						0,783
D <sub>2</sub>	s: HCl	72,9		72,9	2,00		
	d: H <sub>2</sub> O						
Disolución (D <sub>2</sub> )							
				Disolución (D <sub>2</sub> )	D <sub>1</sub> necesario para preparar D <sub>2</sub>		
Volume				1,00·10 <sup>3</sup> cm <sup>3</sup>		172 cm <sup>3</sup>	

3. Tense un litro dunha disolución de ácido sulfúrico do 98 % de riqueza e densidade 1,84 g/cm<sup>3</sup>. Calcula:
- A concentración molar.
  - A molalidade.
  - O volume desa disolución de ácido sulfúrico necesario para preparar 100 cm<sup>3</sup> doutra disolución do 20 % e densidade 1,14 g/cm<sup>3</sup>.

(P.A.U. xuño 01)

**Rta.:** a) [H<sub>2</sub>SO<sub>4</sub>] = 18,4 mol/dm<sup>3</sup>; b)  $m = 5 \cdot 10^2$  mol/kg d; c)  $V = 12,6$  cm<sup>3</sup>

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e [pegalo](#) na cela situada debaixo de «Problema».

Escribir a fórmula do ácido sulfúrico na cela de cor branca e bordo verde situada debaixo de «Solutos (s)».

Escribir (ou [elixir](#)) as unidades (L, «% masa s» e g/cm<sup>3</sup>) nas celas de cor laranxa situada á dereita de «Disolución» e escribir os valores (1, 98 e 1,84) das magnitudes nas celas debaixo delas. Non é necesario elixir as unidades da disolución diluída se son as mesmas que as da orixinal. Escribir (ou elixir) a unidade (cm<sup>3</sup>) de volume da disolución diluída e escribir os valores (100, 20 e 1,14) das magnitudes nas celas correspondentes.

Solutos		Disolución	Volumen	Concentración	Densidade
Soluto (s)			L	% masa soluto	g/cm <sup>3</sup>
H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub>		orixinal (D <sub>1</sub> )	1	98	1,84
Disolvente (d)			cm <sup>3</sup>		
H <sub>2</sub> O		diluída (D <sub>2</sub> )	100	20	1,14

A concentración (18,4) móstrase debaixo de «Concentración mol/dm<sup>3</sup>(D)» en RESULTADOS, e a molalidade (500) a súa dereita, e o volume que se necesita (12,6 cm<sup>3</sup>) debaixo de «D<sub>1</sub> necesario para preparar D<sub>2</sub>»

		Masa g	Porcentaxe g/100 g (D)	Conc. masa g/dm <sup>3</sup> (D)	Concentración mol/dm <sup>3</sup> (D)	Molalidade mol/kg(d)	Fracc. molar
D <sub>1</sub>	s: H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub>	1,80·10 <sup>3</sup>	98,0 %	1,80·10 <sup>3</sup>	18,4	500	0,900
	d: H <sub>2</sub> O	36,8					0,1000
Disolución (D <sub>1</sub> )		1,84·10 <sup>3</sup>					
D <sub>2</sub>	s: H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub>	22,8	20,0 %	228	2,32	2,55	0,0439
	d: H <sub>2</sub> O	91,2					0,956



Disolución (D <sub>2</sub> )	114		
Disolución (D <sub>1</sub> )		Disolución (D <sub>2</sub> )	D <sub>1</sub> necesario para preparar D <sub>2</sub>
Volume	1,00·10 <sup>3</sup> cm <sup>3</sup>	100 cm <sup>3</sup>	12,6 cm <sup>3</sup>

4. Mestúranse 6,27 gramos de FeSO<sub>4</sub>·7H<sub>2</sub>O con 85 gramos de auga. Determine a concentración da disolución resultante en:
- % en masa de FeSO<sub>4</sub> anhidro.
  - Fracción molar do FeSO<sub>4</sub> anhidro e fracción molar da auga.

(P.A.U. Set. 05)

**Rta.:** a) %(FeSO<sub>4</sub>) = 3,75%; b)  $x(\text{FeSO}_4) = 0,0046$ ;  $x(\text{H}_2\text{O}) = 0,995$

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e **pegalo** na cela situada debaixo de «Problema».

Escribir a fórmula do hidrato na cela de cor branca e bordo verde situada debaixo de «Solute (s)».

Escribir (ou **elixir**) a unidade (g) na cela de cor laranxa situada á dereita de «Solute (s)» e escribir os valores (6,27 e 85) das masas nas celas debaixo dela. Non é necesario elixir a unidade do disolvente se é a mesma que a do soluto.

		Masa		Volume	Concentración	Densidade
Solute (s)		g				
FeSO <sub>4</sub> ·7H <sub>2</sub> O		6,27				
Disolvente (d)						
H <sub>2</sub> O		85				
			Disolución			
			orixinal (D <sub>1</sub> )			
			diluída (D <sub>2</sub> )			

En RESULTADOS móstranse: o tanto por cento en masa (3,75 %), debaixo de «Porcentaxe», e as fraccións molares (0,00460 e 0,995), debaixo de «Frac. molar».

		Masa	Porcentaxe	Conc. masa	Concentración	Molalidade	Fracc. molar
		g	g/100 g (D)	g/dm <sup>3</sup> (D)	mol/dm <sup>3</sup> (D)	mol/kg(d)	mol/mol(D)
D <sub>1</sub>	s: FeSO <sub>4</sub>	3,43	3,75 %			0,265	0,00460
	d: H <sub>2</sub> O	87,8					0,995

5. Disólvense 22,5 g de hidróxido de sodio en 50,0 cm<sup>3</sup> de auga destilada a 4 °C.C. A densidade da disolución é de 1 340 kg/m<sup>3</sup>. Calcula a composición da solución en:
- g/dm<sup>3</sup> (concentración en masa).
  - Tanto por cento en masa.
  - mol/dm<sup>3</sup> (concentración).
  - Molalidade.

**Rta.:** a) 416 g/L; b) 31,0 %; c) 10,4 mol/L; d) 11,2 mol/kg

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e **pegalo** na cela situada debaixo de «Problema».

Escribir a fórmula do hidróxido de sodio na cela de cor branca e bordo verde situada debaixo de «Solute (s)».

Escribir (ou **elixir**) a unidade (g) na cela de cor laranxa situada á dereita de «Solute (s)» e escribir o valor (22,5) da masa na cela debaixo dela. Debaixo, escribir (ou **elixir**) a unidade (cm<sup>3</sup>) e escribir debaixo o seu valor (50). Á súa dereita elixir a unidade (g/cm<sup>3</sup>) de densidade e escribir debaixo o seu valor (1). Aínda que o dato é a temperatura, dáse por suposto que é para empregar o valor da densidade máxima da auga a 4 °C. Á dereita da «Disolución orixinal (D<sub>1</sub>)» escribir o valor da densidade (1340) e elixir a súa unidade (kg/m<sup>3</sup>) na cela de color laranxa encima dela.

		Masa	Densidade		Volume	Concentración	Densidade
Solute (s)		g		Disolución			kg/m <sup>3</sup>
NaOH		22,5		orixinal (D <sub>1</sub> )			1340
Disolvente (d)		cm <sup>3</sup>	g/cm <sup>3</sup>				
H <sub>2</sub> O		50	1	diluída (D <sub>2</sub> )			
		Volume					

En RESULTADOS móstranse as respostas ás cuestións.

	Masa	Porcentaxe	Conc. masa	Concentración	Molalidade	Fracc. molar
	g	g/100 g (D)	g/dm <sup>3</sup> (D)	mol/dm <sup>3</sup> (D)	mol/kg(d)	mol/mol(D)
D <sub>1</sub> s: NaOH	22,5	31,0 %	416	10,4	11,3	0,169
d: H <sub>2</sub> O	50,0					0,831

### ◇ Estequiometría: cálculos en reacciones químicas

Na pestana «Esteq» pódense resolver exercicios de reaccións químicas para calcular:

- Cantidade, masa, volume de gas ou disolución, concentración ou pH de reactivos ou produtos.
- Riqueza dun reactivo.
- Rendemento da reacción.
- Intensidade de corrente, tempo, masa depositada ou volume de gas desprendido en electrólises.

Tamén no caso de reactivo limitante.


As reaccións deben escribirse axustadas. Non é necesario escribir os coeficientes cando son 1.

Mentres a reacción non estea completa nin axustada ou, no caso de que algún dos compostos non estean ben formulados, verase unha mensaxe «**Incorrecta!**» á dereita da reacción, e outra mensaxe «**A reacción non está axustada**» na zona de RESULTADOS. Os resultados numéricos non serán correctos ata que a reacción non estea escrita correctamente e ben axustada.

Escribir a ecuación da reacción química axustada debaixo de «Reactivos» deixando as celas máis estreitas para os coeficientes, e [escribindo as fórmulas](#) dos produtos debaixo de «Produtos».

Se o formato dun valor nunha cela de cor branca e bordo azul é estraño (por exemplo 1,00E-01), premer sobre a cela e pulsar ao tempo as teclas [Ctrl] e [M] para limpar o formato (verase 0,1).

1. Para determinar a concentración dunha disolución de FeSO<sub>4</sub> realízase unha valoración redox na que 18,0 cm<sup>3</sup> de disolución de KMnO<sub>4</sub> de concentración 0,020 mol/dm<sup>3</sup> reaccionan con 20,0 cm<sup>3</sup> da disolución de FeSO<sub>4</sub>. A reacción que ten lugar é:



- a) Calcula a concentración da disolución de FeSO<sub>4</sub>.
- b) Nomea o material necesario e describe o procedemento experimental para realizar a valoración.

(A.B.A.U. extr. 18)

**Rta.:** [FeSO<sub>4</sub>] = 0,090 mol/dm<sup>3</sup>.

[Borrar os datos.](#)

Reactivos				Produtos			
Calcular:	a)	<input type="text"/>	← <input type="text"/>	<input type="text"/>	← <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	b)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	c)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
que se precisa	para reaccionar con	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	← <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
→ <input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Para ver o enunciado na mesma folla, selecciónalo na páxina de orixe e copialo ([Ctrl]+[C]).

Premer sobre a cela da folla de cálculo situada debaixo da etiqueta «Problema», e [pegar o enunciado](#).

Escribir os ións e os coeficientes nas celas de cor branca debaixo de «Reactivos» ou «Produtos».

Na cela de cor laranxa situada á dereita de «Calcular: a)», [elixir](#) a opción «concentración», pulsar a tecla [ $\leftarrow$ ] e elixir «disolución», volver a pulsar a tecla [ $\leftarrow$ ] e elixir «Fe<sup>2+</sup>». Na cela á dereita de «V=» escribir o valor do volume (20), pulsar a tecla [ $\leftarrow$ ], e escribir (ou elixir) a unidade «cm<sup>3</sup>».

Escribir o valor do volume (18) da disolución de KMnO<sub>4</sub> na cela de cor branca situada debaixo de «que se precisa», pulsar o tabulador e escribir (ou elixir) a unidade (cm<sup>3</sup>), pulsar outra vez e elixir «disolución», volver a pulsar a tecla [ $\leftarrow$ ] e elixir «Fe<sup>2+</sup>». Pulsar outra vez para chegar á cela situada á dereita de «[MnO<sub>4</sub><sup>-</sup>] =», e escribir nela o valor da súa concentración (0,02). Pulsar a tecla [ $\leftarrow$ ] e elixir a unidade «mol/dm<sup>3</sup>».

Reactivos				Produtos									
5	Fe <sup>2+</sup>		MnO <sub>4</sub> <sup>-</sup>	8	H <sup>+</sup>	5	Fe <sup>3+</sup>		Mn <sup>2+</sup>	4	H <sub>2</sub> O		

Calcular:	a)	concentración	disolución	Fe <sup>2+</sup>	V =	20	cm <sup>3</sup>		
	b)								
	c)								
que se precisa		para reaccionar con							
	18	cm <sup>3</sup>	disolución	MnO <sub>4</sub> <sup>-</sup>	[MnO <sub>4</sub> <sup>-</sup> ] =	0,02	mol/dm <sup>3</sup>		

En RESULTADOS móstrase o valor da concentración do ión ferro(II), (é a mesma que a de FeSO<sub>4</sub>):

a)  $[Fe^{2+}] = 0,0900 \text{ mol/dm}^3 \text{ (D)}$

Se se preme sobre a cela de cor laranxa situada encima, e elíxese a opción «10<sup>n</sup>», o resultado exprésase nas unidades nas que o número estea comprendido entre 1 e 999,99:

a)  $[Fe^{2+}] = 90,0 \text{ mmol/dm}^3 \text{ (D)}$

2. Calcula:

- a) O pH dunha disolución de hidróxido de sodio de concentración 0,010 mol/dm<sup>3</sup>.
- b) O pH dunha disolución de ácido clorhídrico de concentración 0,020 mol/dm<sup>3</sup>.
- c) O pH da disolución obtida ao mesturar 100 mL da disolución de hidróxido de sodio de concentración 0,010 mol/dm<sup>3</sup> con 25 mL da disolución de ácido clorhídrico de concentración 0,020 mol/dm<sup>3</sup>.

(A.B.A.U. ord. 18)

Rta.: a) pH = 12; b) pH = 1,7; c) pH = 11,6

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e **pegalo** na cela situada debaixo de «Problema».

**Escribir as fórmulas** das substancias nas celas máis anchas de bordo verde e os coeficientes nas celas máis estreitas de bordo azul debaixo de «Reactivos» ou «Productos».

Escribir (ou **elixir**) a opción pH nos tres apartados, a opción «disolución» nos apartados a) e b) pero «mestura» no c) e as fórmulas dos reactivos nos apartados a) e b), pero deixe en branco a substancia do apartado c).

Na cela de cor branca debaixo de «que se precisa», escribir os volumes (100 e 25) de ambos reactivos, escribir (ou elixir) as súas unidades (cm<sup>3</sup>), elixir a opción «disolución» en ambas e escribir (ou elixir) as fórmulas dos reactivos. Escribir as concentracións das disolucións (0,001 e 0,002) nas celas correspondentes e elixir as unidades (mol/dm<sup>3</sup>).

Reactivos				Productos							
	HCl		NaOH		NaCl		H <sub>2</sub> O				
Calcular:	a)	pH	disolución	NaOH							
	b)	pH	disolución	HCl							
	c)	pH	mestura								
que se precisa		para reaccionar con									
	100	cm <sup>3</sup>	disolución	NaOH	[NaOH] =	0,01	mol/dm <sup>3</sup>				
	25	cm <sup>3</sup>	disolución	HCl	[HCl] =	0,02	mol/dm <sup>3</sup>				

En RESULTADOS móstranse as cantidades que reaccionan e os pH de cada caso.

	HCl	+	NaOH	→	NaCl	+	H <sub>2</sub> O
mol	5,00·10 <sup>-4</sup>		5,00·10 <sup>-4</sup>		5,00·10 <sup>-4</sup>		5,00·10 <sup>-4</sup>
			a)	pH(NaOH) =	12,0	(D)	
			b)	pH(HCl) =	1,70	(D)	
			c)	pH(mestura) =	11,6		

3. Unha mostra comercial e impura de 0,712 g de carburo de calcio ( $\text{CaC}_2$ ) reacciona con exceso de auga producindo etino e hidróxido de calcio. Se o volume de etino ( $\text{C}_2\text{H}_2$ ) recollido a 25 °C e 0,98 atm (99,3 kPa) foi de 0,25 L:
- Determina a masa en gramos de hidróxido de calcio formado.
  - Calcula a porcentaxe de pureza da mostra comercial.
- Dato:  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$  (P.A.U. Set. 12)
- Rta.: a)  $m = 0,74 \text{ g Ca(OH)}_2$ ; b)  $r = 90 \%$

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e **pegalo** na cela situada debaixo de «Problema».

**Escribir as fórmulas** das substancias nas celas máis anchas de bordo verde e os coeficientes nas celas máis estreitas de bordo azul debaixo de «Reactivos» ou «Productos».

Para o apartado a), **elixir** a opción «masa» na cela de cor laranxa situada á dereita de «Calcular a)» e « $\text{Ca(OH)}_2$ » para a substancia.

Escribir o dato (0,25) na cela de cor branca situada debaixo de «que se obtén». Pulsar o tabulador [↵], elixir a opción « $\text{dm}^3$ » (ou escribir dm3), pulsar [↵], e escribir (ou elixir) «gas», pulsar [↵], e elixir « $\text{C}_2\text{H}_2$ », pulsar [↵] e escribir o valor da presión (99,3), pulsar [↵], escribir (ou elixir) kPa, pulsar [↵], e escribir 25, pulsar [↵], e escribir (ou elixir) °C [↵].

Para a apartado b), elixir a opción «riqueza» na cela de cor laranxa situada á dereita de «b)», pulsar a tecla [↵] (tabulador), e elixir a opción «mestura», pulsar [↵] e elixir a substancia ( $\text{CaC}_2$ ), pulsar [↵] e escribir 0,712, pulsar [↵] e escribir (ou elixir) a unidade (g).

Reactivos				Productos			
CaC <sub>2</sub>	2	H <sub>2</sub> O		C <sub>2</sub> H <sub>2</sub>	Ca(OH) <sub>2</sub>		
Calcular:	a) masa		Ca(OH) <sub>2</sub>				
	b) riqueza	mestura	CaC <sub>2</sub>	$m =$	0,712 g		
	c)						
que se obtén	ao obter			$p =$	99,3 kPa	$T =$	25 °C
0,25	dm <sup>3</sup>	gas	C <sub>2</sub> H <sub>2</sub>				

En RESULTADOS móstranse as cantidades que reaccionan, a masa de hidróxido de calcio e a riqueza.

	CaC <sub>2</sub>	+	2 H <sub>2</sub> O	→	C <sub>2</sub> H <sub>2</sub>	+	Ca(OH) <sub>2</sub>
mol	0,0100		0,0200		0,0100		0,0100
				a)	$m =$		0,742 g Ca(OH) <sub>2</sub>
				b)	$r =$		90,2 % CaC <sub>2</sub>

Se se preme sobre a cela de cor laranxa, e se elixe a opción «10<sup>3</sup>», a masa exprésase en mg.

				a)	$m =$		742 mg Ca(OH) <sub>2</sub>
--	--	--	--	----	-------	--	----------------------------

4. Fanse reaccionar 5 mol de aluminio metal con cloruro de hidróxeno en exceso para dar tricloruro de aluminio e hidróxeno(g).
- Que volume de hidróxeno medido en condicións normais obterase?
  - Se todo o hidróxeno faise pasar sobre unha cantidade en exceso de monóxido de cobre, producíndose cobre metal e auga, que cantidade de cobre metal obtense se o rendemento da reacción é do 60 %?

(P.A.U. Set. 97)

Rta.: a)  $V = 168 \text{ dm}^3$  de H<sub>2</sub> c.n. b)  $n = 4,5 \text{ mol Cu}$ .

**Borrar os datos.** Copiar ([Ctrl]+[C]) o enunciado e **pegalo** na cela situada debaixo de «Problema».

**Escribir as fórmulas** das substancias nas celas máis anchas de bordo verde e os coeficientes nas celas máis estreitas de bordo azul debaixo de «Reactivos» ou «Productos».

Para o apartado a), **elixir** a opción «volumen» na cela de cor laranxa situada á dereita de «Calcular a)», pulsar a tecla [↵] (tabulador), escribir (ou elixir) «gas», pulsar [↵] e elixir H<sub>2</sub>, pulsar [↵] e escribir 1, pulsar [↵] e escribir (ou elixir) atm, pulsar [↵] e escribir 0, pulsar [↵] e escribir (ou elixir) °C [↵].

Escribir o dato (5) na cela de cor branca situada debaixo de «que se obtén». Pulsar o tabulador [↵], e elixir (ou escribir) mol, pulsar [↵] dúas veces, e escribir (ou elixir) Al [↵].

Reactivos				Productos					
2	Al	6	HCl	2	AlCl <sub>3</sub>	3	H <sub>2</sub>		
Calcular: a)		volumen	gas	H <sub>2</sub>	p =		1 atm	T =	0 °C
b)									
c)									
que se obtén		ao reaccionar							
con		5	mol		Al				

Anotar o resultado (168):

a)  $V = 168 \text{ dm}^3 \text{ (g) H}_2$

b) Para o apartado b), premer sobre o botón **Borrar datos** e clic en **Aceptar**.

Escribir a reacción axustada.

Premer sobre a cela de cor laranxa situada á dereita de a), elixir a opción «cantidad», pulsar a tecla [↵] (tabulador) dúas veces, escribir Cu, e pulsar a tecla [↵].

Premer sobre a cela de cor branca situada debaixo de «que se obtén», escribir 168, pulsar a tecla [↵] e escribir (ou elixir) «gas», pulsar [↵] e escribir H<sub>2</sub> (ou elixir H<sub>2</sub>). Pulsar [↵] e escribir 1, pulsar de novo [↵] e escribir (ou elixir) atm. Volver a pulsar [↵] e escribir 0, pulsar de novo pulsar [↵] e escribir °C.

Premer sobre a cela de cor branca situada á dereita de «Rendemento» e escribir 60.

	H <sub>2</sub>		CuO		Cu		H <sub>2</sub> O		
Calcular: a)		cantidad		Cu	p =		1 atm	T =	0 °C
b)									
c)									
que se obtén		ao reaccionar							
con		168	dm <sup>3</sup>	gas	H <sub>2</sub>	Rendemento		60 %	

RESULTADOS:

Rendemento 60 % a)  $n = 4,50 \text{ mol Cu}$

5. Disólvense 3,0 g de SrCl<sub>2</sub> en 25 cm<sup>3</sup> de auga e 4,0 g de Li<sub>2</sub>CO<sub>3</sub> noutros 25 cm<sup>3</sup> de auga. A continuación, mestúranse as dúas disolucións, levándose a cabo a formación dun precipitado do que se obteñen 1,55 g.

- a) Escribe a reacción que ten lugar, identificando o precipitado, e calcula o rendemento da mesma.
- b) Describe o procedemento que empregaría no laboratorio para separar o precipitado obtido, debuxando a montaxe e o material que precisa empregar.

(A.B.A.U. ord. 22)

**Rta.:** Rendemento do 56 %.

